Deseño xerárquico de redes de corporativas: VLANs, redundancia, encamiñamento e acceso a Internet.

Descrición

Este seminario presenta os principais modelos de deseño xerárquico de redes propostos por Cisco e a súa aplicación práctica nunha rede de campus. Ao longo da sesión, o alumnado analizará as funcións das capas de acceso, distribución e núcleo, así como as diferenzas entre os modelos de dúas e tres capas.

Mediante un caso práctico desenvolvido con Cisco Packet Tracer, as persoas participantes deseñarán e configurarán unha rede segmentada mediante VLAN, incorporando enlaces troncais e encamiñamento entre redes. Tamén aplicarán STP para evitar bucles en topoloxías redundantes, HSRP para proporcionar unha porta de enlace de alta dispoñibilidade e OSPF para intercambiar información de encamiñamento entre os dispositivos de capa 3. Finalmente, configurarase NAT/PAT no router de bordo para facilitar o acceso das redes privadas a unha rede externa.

A actividade combinará explicacións conceptuais, demostracións guiadas e traballo práctico. Deste xeito, o alumnado poderá comprender como se integran distintas tecnoloxías de conmutación e encamiñamento para construír redes escalables, modulares, resilientes e doadas de administrar.

Perfil do docente

O relator será **FRANCISCO JAVIER NÓVOA DE MANUEL**, da Universidade da Coruña, que colabora con ACADEMIA POSTAL no programa Cisco Networking Academy desde hai máis de 25 anos.

PROGRAMA Programación 2026/27

TIPO SEMINARIO

PERIODO INSCRICIÓN 01/01/2027 - 16/02/2027

Nº PRAZAS	232
METODOLOXÍA	Presencial
DURACIÓN	4 horas
DATA INICIO	17/02/2027
DATA FIN	17/02/2027
HORARIO	Horario de 16:30 a 20:30 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
PERIODO DOCENCIA	17/02/2027 - 17/02/2027

Temario

1. Introdución ao deseño xerárquico de redes Cisco
2. Segmentación da rede mediante VLAN
3. Redundancia de capa 2 mediante STP
4. Redundancia da porta de enlace mediante HSRP
5. Encamiñamento dinámico mediante OSPF
6. Acceso a redes externas mediante NAT/PAT
7. Caso práctico integrador con Cisco Packet Tracer